



ANGUEIRA, Anxo (ed) (2024): *X. L. Méndez Ferrín. Poesía reunida*. Vigo: Xerais, 552 pp.

Saudamos a publicación da *Poesía reunida* de Méndez Ferrín, en edición crítica de Anxo Angueira para Xerais, e hai moito que celebrar.

Non hai obra máis decisiva por calidade, vontade continua de intervención e renovación do repertorio, ou pola súa influencia na escrita das xeracións posteriores, para a literatura galega na segunda metade do século XX. Sen distinguirmos xénero ningún, porque falamos de alta literatura máis alá dos marcos, máis alá das propiedades, e si, como sostén Ferrín, dun único “libro que despaciosamente escribo desde unha tarde fría de 1955 na que se me revelou a vía que conduce a certa literatura nostálgica e materialista, apuntada cara un futuro noso, de pólvora e cristais liberados”.

O libro. O macrotexto. Versos coma cabalos avanzando a paso de andadura sobre a prosa espiral; a escrita fosforecente, radicalmente poética e política para Gamoneda. O farto río da poesía de Ferrín que nos presenta Angueira na súa compilación. Malia o propio Ferrín xuntar materiais poéticos dispersos en *Era na selva de Esm* (Espiral Maior, 2004), e mesmo recentemente os seus versos seren escolmados da man do poeta Daniel Salgado (*En espiral*, Chan da pólvora, 2024), a feitura deste volume reclámase imprescindible por deitar luz sobre a obra e a traxectoria do ourensán.

Velaquí o edificio poético ferriniano por xunto, e cun aparato crítico que nos permite saber e gozar máis da súa feitura. A edición de Angueira, quen xa nos fixo repensar o Rexurdimento desde Sarmiento, proxectar cara ao infinito a potencia poética de Rosalía ou lermos *Bretaña*, *Esmeraldina* como cumio narrativo do autor, alicérase nun estudo introdutorio de 150 páxinas e nunhas anotacións finais aos poemas que nos guían pola espiral de referencias históricas, políticas e estéticas que habitan o texto.

Son de moito valor as dúas partes iniciais do estudo introdutorio. Na “Xénese e organización do corpus poético” débullanse as dificultades para saíren do prelo os primeiros poemarios, polo precario do mundo editorial na Galicia da ditadura e polas fauces feroces da censura fascista. Sabemos da noticia de moitos poemas perdidos nesa longa noite, mais nas crebas deste naufraxio xorde o exilio, a Galicia que marchou para sobrevivirmos materia e ideas. É con ela, a heteronimia –que xa alborexaba no libro que non foi *A xuntanza dos piñeiros derrubados*–, e coñecemos o senlleiro poeta político Heriberto Bens, na vangarda ideolóxica e estética da Galicia clandestina coa *Antoloxía popular* e o *Sirventés pola destrución de Occitania*. Vén logo o tempo de *Amor e tempo liso*, versión primeira, en diálogo poético emocionante co irmao Darío Xohán Cabana, do que logo foi *Con pólvora e magnolias*, libro que dinamitou os límites dos versos de noso, libro Rompente, no selo editorial e en todos os sentidos. Despois do impacto, e nun contexto menos lesivo, iníciase a etapa de edicións convencionais, desde *O fin dun canto*, e aqueloutras de difusión restrinxida que xorden cabo de proxectos artísticos interdisciplinares: *Homes e illas*, *Morte de Amadis*, *Erótica*, *O outro*, *Albh*. Para completarmos o corpus achéganos Angueira a “poesía dispersa”, onde ademais dos poemas que xuntara Ferrín para *Era na selva de Esm*, damos conta de oito novos poemas, moitos deles homenaxes literarios e vitais.

Acolle a segunda parte do estudo unha análise da traxectoria poética do autor, a quen lle acae a caracterización de disidente, xa desde o momento en que el mesmo declara que a súa poesía é “pouca e discordante” e por se considerar “un suxeito máis ben extravagante e peregrino no interior do sistema da poesía galega na segunda metade do século XX”. Disidente, di Angueira, por non se deixar domesticar, por procurar camiños menos transitados.

Acontece axiña en *Voce na néboa*, onde se xa intúe todo o que viña a seguir: polifonía enunciativa, narratividade fantástica e simbolismo nun tempo de realismo coloquial e social. Coñecemos logo o verso épico e formalista da poesía de Heriberto Bens, o heterónimo que afondou nos exemplos de resistencia e rebelión para alentar a militancia clandestina galega e marxista. E, xaora, *Con pólvora e magnolias*, o título onde en palabras de Angueira “íá anunciada unha nova fórmula estética, un novo paradigma de facer poesía en galego nos anos setenta, un novo e optimista compromiso coa función poética da linguaxe”. Un banquete poético que saúda o amor e maila morte, inzado de filosofía, política, música e letras que rachou os corsés do socialrealismo. Un libro de lecturas infinitas que se converteu no favorito de poetas do futuro. E con el, para remarcar a toma de posición, *O fin dun canto*.

A palabra poética de Ferrín silénciase un algo ao longo da década de 1980 e os primeiros noventa coas parénteses das colaboracións de *Homes e illas*, *Morte de Amadis* e *Erótica*, que nos deixan con fame de versos. Saciámonos con *Estirpe*, outro poemario que foxe das convencións do seu tempo e pon os ollos, o sangue e a lingua na procura da raíz, física e intelectual. Poemas monumentais construídos coa ferramenta dun dominio do idioma sen par.

O último poemario convencional de Ferrín é *Contra Maquieiro*, cunha organización en series novidosa no autor, e onde podemos atopar unha nova concepción do poema, experimental e vangardista. De aí que para Angueira sexa outro paso no camiño, un novo “máis alá”. Ao tempo, trátase dun libro fundamentalmente político —desde o título e so a dedicatoria a Lois Soto—, e que recolle tamén moitas proxeccións da alteridade, aqueloutros eus que xa foron, con multitude de referencias vitais e culturais.

Ferrín, poeta disidente para Angueira. Címarón díxolle Manuel Outeiriño. Ou aquel que tece cos seus versos redes escarlata. Sempre avante para novas descubertas. Lectores alerta. O compromiso máis alto coa literatura, coa palabra poética. Nunca inmóbil. Soberanía estética e independencia política. Velaquí a conquista da liberdade como autor, a escrita desde unha posición autónoma, nas marxes da historia, que subverte as normas dominantes. Así fixeron Rosalía, Manuel Antonio, Cunqueiro, e abofé, Méndez Ferrín, para darnos acubillo na República Mundial das Letras. Moito que celebrar a *Poesía reunida* de Méndez Ferrín da man de Anxo Angueira.

Iago Castro Buerger
buerger@edu.xunta.gal